

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Departamento Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

Revisión salarial do Convenio colectivo provincial de Tinturerías, Lavanderías e Pranchado de Roupa

Visto o expediente da revisión salarial do Convenio colectivo provincial de TINTURARÍAS, LAVANDERÍAS E PRANCHADO DE ROUPA, subscrito pola comisión paritaria na súa reunión do día 7 de febreiro de 2011.

Primeiro.- Que o dito acordo de revisión salarial presentouse nesta Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar o día 17 de febreiro de 2011.

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en perxuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Que esta xefatura territorial é competente para resolver a presente solicitude, en virtude do artigo 3 do Real decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre rexistro e depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo e o artigo 3 da Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Taballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Que os artigos 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, otorga facultades á autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos acordos colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

ESTA XEFATURA DE TRABALLO E BENESTAR ACORDA:

1º.- Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o subseguinte depósito do texto e demais documentación orixinal.

2º.- Dispoñer a súa publicación no Boletín oficial da provincia da Coruña.

3º.- Ordenar a notificación desta resolución á Comisión Paritaria.

A Coruña, 22 de febreiro de 2011

O xefe territorial de Traballo e Benestar

Luis Alberto Alvarez Freijido

www.cigservizos.org

ACTA DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DE TINTURARÍAS, LAVANDERÍAS E PRANCHADO DE ROUPA DA PROVINCIA DA CORUÑA.

ASISTENTES

Pola representación empresarial (asociación de empresarios de Tinturaría e Lavandería da provincia da Coruña):

- D. Ricardo Sanjurjo Pereira
- D. Antonio Costa Rellán.
- Agapito Vázquez Pedre.
- Enrique Sánchez Arias.
- Luis Pardo Cillero.
- José A. Bello Rama.
- Marina Graña (asesora).

Pola parte social:

- Alejandro Expósito Alonso (UGT)
- José Manuel Crespo García (CCOO)
- Roberto Alonso Iglesias (CIG)

Na Coruña, sendo as 17:00 horas do día 7 de febreiro de 2011, reúnen-se as persoas relacionadas na sede da Confederación de Empresarios da Coruña, sito na Praza Luis Seoane, torre 1 – entrecrán, co obxecto de levar a cabo a revisión salarial correspondente ao ano 2011.

Segundo o artigo 11 do convenio colectivo vixente, o incremento salarial para o ano 2011 será o IPC real do ano 2010, correspondendo un 3%.

Asínanse as táboas que se adxuntan como anexas.

Acórdase facilitar ao compañeiro Roberto Alonso Iglesias (CIG) para levar a cabo as xestións necesarias para a publicación desta acta e o seu anexo no diario oficial que corresponda.

E non habendo máis asuntos que tratar dase por rematada a xuntanza as 17:30 horas.

Anexo I		
CATEGORIAS	SB MENSUAL 2011	SB ANUAL 2011
PERSONAL TECNICO		
Director	932,99	13.528,42
Técnico	878,72	12.741,50
Encargado xeral	824,50	11.955,32
Xefe de sección	770,25	11.168,70
PERSONAL ADMINISTRATIVO		
Xefe administrativo	770,25	11.168,70
Oficial administrativo	748,55	10.854,02
Auxiliar administrativo	737,70	10.696,60
PERSONAL OBREIRO E DE RECIBO E ENTREGA		
Encargado	770,25	11.168,70
Oficial de primeira	748,55	10.854,02
Oficial de segunda	737,70	10.696,60
Especialista	726,82	10538,89
Mozo de reparto	726,82	10538,89
PERSONAL SUBALTERNO E DE SERVIC. AUXILIAR.		
Limpador	726,82	10538,89
Complemento de asistencia por día efectivo		2,10
Complemento de asistencia sábados, domingos e festivos		6,31
Plus de transporte por día efectivo		1,33
Plus de Actividade Industrial Superior mensual		125